2.- Así mismo la Ordenación Detallada define las zonas correspondientes a los Sistemas Locales, según las condiciones de la Ficha del APR, para los usos de Espacios Libres y Equipamientos Públicos.

**Artículo E-INT-20. Localización de los Usos Pormenorizados.**

La Ordenación Detallada asigna el Uso Pormenorizado de Terciario Hostelero, Categoría 1ª, 2ª y 3ª, y el Uso Pormenorizado Terciario Comercial, en todas sus Categorías en las Manzanas y Parcelas expresadas en el punto 4 del artículo E-INT-4.

**Artículo E-INT-21. Régimen del Uso Característico.**

**1. *Uso Característico: Terciario Hostelero, Categoría 1ª, 2ª, 3ª y 5ª***

**2. *Usos Compatibles en el mismo edificio:***

- Terciario Clase Comercio  
Categorías 1ª y 2ª, en plantas Baja, primera y segunda.
- Terciario Clase Oficinas:  
Categorías 6ª, 7ª, 8ª y 9ª.
- Recreativo y Reunión, Categorías 10ª y 11ª.
- Dotacional, Clase Servicios públicos, Categoría 15ª.
- Dotacional, Clase Deportivo; Categoría 21ª.
- Garaje-aparcamiento: Categoría 1ª en plantas inferiores a la Baja.

La máxima ocupación en las plantas bajas, en los frentes de calle, sólo estará limitada por la exigencia de accesos a portales y garajes de las parcelas respectivas.

**3. *Usos Prohibidos:***

- Los restantes.

**Artículo E-INT-22. Régimen del Uso Pormenorizado Terciario General.**



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

### 1. *Uso Característico*: Terciario General en las siguientes Clases y Categorías.

- Comercio, Categorías 1ª, 2ª, 3ª y 4ª
- Oficinas, Categorías 6ª, 7ª 8ª y 9ª
- Recreativo y Reunión, Categorías 10ª y 11ª.

### 2. *Usos Compatibles en el mismo edificio*:

- Terciario, Clase Hostelero.  
Categoría 5ª, en todas sus plantas.
- Dotacional, Clase Educación:  
Categorías 1ª, 6ª y 7ª en todas sus plantas.
- Dotacional, Clase Sanitario: Categorías 12ª y 14ª en todas sus plantas.
- Dotacional, Clase Servicios públicos, Categoría 15ª en todas las plantas, garantizando la compatibilidad de usos con el resto de los compatibles.
- Dotacional, Clase Religioso: Categoría 17ª.
- Dotacional, Clase Deportivo; Categoría 21ª, en todas sus plantas.
- Garaje-aparcamiento: Categoría 1ª en plantas inferiores a la Baja.

### 3. *Usos Prohibidos*:

- Los restantes.

## Sección 3ª Dotaciones Urbanísticas. Sistema Local.

### Artículo E-INT-23. Espacios Libres Públicos

1.- La Ordenación Detallada, establece como Sistema Local de Espacios Libres Públicos las siguientes parcelas, con la situación y superficie que a continuación se establece:

Manzana nº	Parcela nº	Superficie m <sup>2</sup>
M.1	P.1	1.444
<b>Total</b>		<b>1.444 m<sup>2</sup></b>

2.- La urbanización y tratamiento de las parcelas anteriores pertenecientes al Sistema Local de Espacios Libres, deberá ajustarse a las determinaciones de los artículos del Capítulo 7.3 de las Normas Urbanísticas, especialmente los comprendidos entre el 7.3.4 y el 7.3.9.

### Artículo E-INT-24. Equipamientos Públicos



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

1.- La Ordenación Detallada, establece como Sistema Xeral de Equipamientos Públicos las siguientes parcelas, con la situación y superficie que a continuación se establece:

Manzana nº	Parcela nº	Superficie m <sup>2</sup>	Uso Pormenorizado
M.3	P.1	3.606	Transporte Clase Estación de Autobuses
<b>Total</b>		<b>3.606 m<sup>2</sup></b>	

2.- Las condiciones de aprovechamiento y edificación serán las de la Ordenanza 13 con las características de la Clase de uso Dotacional Público que se establece en el cuadro o áquel que el Ayuntamiento les atribuya en razón de las necesidades.

3.- La urbanización y tratamiento de los espacios libres de las parcelas anteriores pertenecientes al Sistema Local de Equipamientos, deberá ajustarse a las determinaciones de los artículos del Capítulo 7.4 de las Normas Urbanísticas, especialmente los comprendidos entre el 7.4.2 y el 7.4.5.

### **Artículo E-INT-25. Aparcamientos públicos.**

1. La Ordenación Detallada viene obligada a reservar como plazas de aparcamiento público la cantidad de **400** plazas que son las equivalentes al 25 % del total de plazas exigidas por aplicación del Artículo 47 2.c) de la Ley 9/2002.

2. No obstante lo anterior, la Ordenación debido a la falta de suelo y la gran superficie destinada a Viario Público no puede resolver en superficie la dotación de aparcamientos necesaria. En consecuencia deberá realizarse un aparcamiento subterráneo con una capacidad mínima de 500 plazas debajo del viario que configura la plaza de la Estación, de las que corresponden al ámbito 101 plazas y el resto son para compensar ámbitos próximos carentes de espacio para cumplir el estándar.

### **Sección 4ª Desarrollo de la Ordenación Detallada**

### **Artículo E-INT-26. Condiciones para el Proyecto de Urbanización.**

1. El Proyecto de Urbanización, además de las condiciones y determinaciones que corresponde, y está regulado en la Normativa Urbanística, deberá establecer las condiciones precisas que se citan en el artículo anterior con el fin de garantizar el número de plazas públicas de aparcamiento y el número de ellas que responden a las condiciones de Accesibilidad establecidas en Ley y Reglamento.



2. En el diseño de las Zonas Verdes, Sistemas Local y General, deberá cumplir las condiciones de Accesibilidad definiendo itinerarios que cumplan con las determinaciones normativas vigentes.

3. Así mismo el Proyecto de Urbanización que desarrolle este ámbito deberá establecer los alcorques necesarios para la plantación de árboles siguiendo la definición de los viarios recogidos en la presente Ordenación.

### **Artículo E-INT-27. Sistema de Actuación y Plazos de Desarrollo.**

1. Según establece la Ficha del APR A-5-47, el Sistema de Actuación previsto para el desarrollo de la misma es el de Expropiación.

2. Así mismo, los plazos para el desarrollo son los determinados por la Ficha del APR.

### **Artículo E-INT-28. Conservación de la Urbanización.**

1. En desarrollo y gestión del presente ámbito, los propietarios de los solares deberán constituirse en Entidad Urbanística de Conservación en los términos del apartado 6 del Artículo 110 de la Ley 9/2002. y el Artículo 2.3.5

2. El plazo mínimo para el mantenimiento y conservación de la Urbanización por parte de la entidad que se establezca será de cinco años desde el momento de la constitución de la misma, en el momento de la recepción de las obras de urbanización por el Ayuntamiento, en los términos fijados por el Artículo 2.3.5, de las Normas Urbanísticas.



### III. PONDERACIÓN ENTRE USOS PORMENORIZADOS.

Dacordo cos criterios establecidos na Memoria da presente Ordenación Detallada, así como o disposto nas Ordenanzas Específicas da mesma, os Usos Pormenorizados contemplados na mesma son os seguintes:

- Terciario Hostaleiro, Categoría 3ª
- Terciario Xeral, Clase Comercio (Categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª)
- Terciario Xeral, Clase Oficinas (Categorías 6ª, 7ª, 8ª e 9ª)
- Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunións (Categorías 10ª, 11ª e 12ª)

Nas Ordenacións Detalladas (como é o presente caso), así como nos futuros Plans Especiais de Reforma Interior, o coeficiente 1 será o uso global principal, e será neste caso, o do Terciario Hostaleiro, Categoría 3ª.

A ese valor (1.247 €) daráselle o coeficiente 1, o correspondente ó Terciario Xeral é por tanto do 1,016 (1.266).

USO PORMENORIZADO	COEFICIENTE
Terciario Hostaleiro, Categoría 3ª.	1
Terciario Xeral, Clase Comercio, Categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Terciario Xeral, Clase Oficinas, Categorías 6ª, 7ª 8ª e 9ª. Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunión, Categorías 10ª, 11ª e 12ª	1,016



#### IV. DETERMINACIÓNS, NO SEU CASO, DOS POLÍGONOS

O sistema de actuación determina a non necesidade de fixar polígonos.

O aproveitamento tipo fixado no PXOM é de **6,281** m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, do uso e tipoloxía característica.

O aproveitamento tipo resultante de aplicar á ordenación detallada en función dos coeficientes de ponderación de cada uso contemplado é o seguinte:

Terciario Hosteleiro, Categoría 3ª	= 16.000 m <sup>2</sup> x 1 =	16.000 m <sup>2</sup>
Terciario Xeral (Todas as Clases e Categorías)	= 4.295 m <sup>2</sup> x 1,016 =	4.363 m <sup>2</sup>

---

<b>TOTAIS</b>	<b>20.295 m<sup>2</sup></b>	<b>20.363 m<sup>2</sup></b>
---------------	-----------------------------	-----------------------------

Aproveitamento tipo da presente Ordenación Detallada (A-5-47):

$$AT = 20.363 \text{ (m}^2 \text{ equival.)} : 3.242 \text{ m}^2 \text{ (Sup. Computable)} = \mathbf{6,281 \text{ m}^2/\text{m}^2}$$

Xa que logo, o AT da presente Ordenación Detallada van ser completamente coincidente co Aproveitamento Tipo fixado no PXOM para este ámbito de planeamento.



## V. CRITERIOS SEGUIDOS PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS

### 1. INTRODUCCIÓN

Por constituír unha zona onde as infraestructuras de servizos aparecen interconectadas co presente capítulo realízase para a definición das redes de servizos urbanos das Áreas de Ordenación Detallada do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo ás que se fixo mención no capítulo I da presente Ordenación Detallada, a saber:

- A-5-38 CANADELO
- A-5-39 VIA NORTE
- A-5-41 BEIRAS
- A-5-48 COTOMONDONGO
- **A-5-47 ESTACION INTERMODAL**
- Así como tamén a actuación prevista na AOP- 05 ESTACION de RENFE

No presente documento defínense e valóranse as infraestructuras correspondentes ás diferentes redes de servizos urbanos para implantar nas ditas áreas.

Malia térense considerado na definición de redes só as establecidas como servizos básicos no PXOM, a valoración das infraestructuras realizouse tendo en conta os capítulos habituais nos proxectos de obras de urbanización, é dicir, incluíndo os seguintes capítulos:

- Movemento de Terras. Demolición.
- Pavimentación e sinalización.
- Abastecemento de Auga Potábel.
- Saneamento. Pluviais e Residuais.
- Iluminación Pública.
- Enerxía Eléctrica.
- Canalización de Telecomunicacións.
- Distribución de Gas.
- Xardinaría, Rega e Mobiliario Urbano.



## 2. OBXECTO

O presente capítulo de Infraestruturas das Áreas de Ordenación Detallada de BEIRAS, CANADELO, VIA NORTE, COTOMONDONGO, ESTACION INTERMODAL e ESTACION RENFE ten por obxecto describir as redes de servizos urbanos existentes no entorno, estimar as demandas que xerará a urbanización do ámbito e propor solucións infraestruturais que atendan as ditas demandas.

Trátase de, a partir das redes existentes ou programadas e da estimación das novas demandas que xerará a urbanización do ámbito, resolver a axeitada conexión, ampliación ou reforzo de todas e cada unha das redes básicas de servizos urbanos.

O proxecto de urbanización definirá mediante proxectos específicos de obras estas conexións.

O proxecto de urbanización terá en conta o conxunto das determinacións gráficas e escritas contidas no presente documento adaptando as solucións á orde cronolóxica de execución das obras de desenvolvemento de cada área. O proxecto de urbanización será unitario podéndose definir fases para a súa execución e desenvolvemento.

O proxecto de urbanización poderá proceder ao reaxuste e definición daqueles parámetros de servizos e infraestruturas que non afecten a determinacións de ordenación, réxime de solo ou a edificación.

As cotas de rasante previstas para a rede viaria poderán modificarse se as características do saneamento así os requirisen.

## 3. Delimitación do ámbito. Caracterización

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo establece as Áreas urbanísticas de Ordenación Detallada [AOD's], co obxecto de asegurar a axeitada inserción de novos sectores urbanizábeis na estrutura da ordenación urbanística municipal.

O ámbito do que se desenvolven as súas infraestruturas neste epígrafe atinxe o conxunto de Áreas de Ordenación Detallada lindeiras formado polas AOD's de: BEIRAS, CANADELO, VIA NORTE, COTOMONDONGO, ESTACION INTERMODAL y ESTACION RENFE. Os terreos ocupan parte dos solos que se achán delimitados polas seguintes rúas:

- Norte: R/ Isaac Peral.
- Sur: R/ Urzaiz.
- Leste: R/ Travesía de Vigo.
- Oeste: R/ Serafín Avendano e Av. García Barbón.





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

O ámbito de actuación, ten unha superficie total de 21,6 Has, e está detalladamente delimitado nos planos de ordenación axuntos. As principais características da ordenación do ámbito son as seguintes:

APR	Nome	Superficie	Edificabilidade
A-5 41	BEIRAS	13.100	13.100
A-5 38	CANADELO	48.400	42.600
A-5 39	VIA NORTE	36.400	36.500
A-5 48	COTOMONDONGO	12.800	15.400
A-5 47	ESTACION INTERMODAL	27.100	20.300
AOP-05	ESTACION DE RENFE	78.000	47.000
<b>TOTAL</b>		<b>215.800</b>	<b>187.300</b>

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO

#### 4. Infraestruturas existentes

Inclúense neste apartado a descrición e situación das redes de infraestruturas existentes no ámbito de ordenación e o seu entorno.

Para a redacción do presente estudo solicitouse información aos Servizos Técnicos do Concello de Vigo e realizáronse consultas ás diferentes compañías de servizos con redes de infraestrutura no contorno da actuación.

##### 4.1. Abastecemento de auga potábel

Polo límite norte do ámbito discorren unha arteria de fibrocemento de 500 mm de diámetro. A arteria o mesmo que a rede existente na zona é abastecida desde o Depósito-ETAP Do Casal [Volume = 132.000 m<sup>3</sup> a cota Z=136].

O resto de conducións existentes no ámbito pertence ás redes secundaria e terciaria de distribución.

A rede de abastecemento de auga potábel existente recóllese no Plano: Rede de Abastecemento de Auga Existente. Accións Infraestruturais Propostas.

##### 4.2. Saneamento e depuración

A rede de saneamento existente no ámbito e o seu entorno é unitaria.

A rede de colectores existentes ten o seu punto de evacuación e tratamento na Estación Depuradora de Augas Residuais de Lagares. Estación que, a priori, ten capacidade abondo para tratar as achegas de augas residuais da actuación.



A infraestrutura principal de saneamento máis próxima á área de actuación está constituída por un conxunto de colectores, aliviadoiros e demais elementos de rede localizados na zona norte do ámbito. O trazado destes colectores de primeira magnitude apóiase na R/ Isaac Peral até chegar á zona portuaria onde se dispoñen aliviadoiros para o mar.

A rede de saneamento existente recóllese no Plano: Rede de Saneamento Existente. Accións Infraestruturais Propostas.

#### **4.3. Enerxía eléctrica**

A compañía eléctrica con infraestrutura na zona é: Unión Eléctrica Fenosa.

Os trazados das liñas eléctricas que discorren no entorno do ámbito de actuación e localización das demais infraestruturas eléctricas están recollidos no Plano: Rede de Enerxía Eléctrica Existente. Accións Infraestruturais Propostas.

A rede principal de media tensión apoia o seu trazado no viario principal perimetral ao ámbito: Travesía de Vigo e Avenida García Barbón.

A subestación transformadora que actualmente alimenta a práctica totalidade do ámbito é a S.T. de Troncal. Subestación que deberá ampliar a súa capacidade de transformación para poder atender as novas demandas previstas.

#### **4.4. Canalización de Telecomunicacións**

O trazado das principais rotas de telecomunicacións discorre baixo o viario principal perimetral ao ámbito.

Desde as citadas infraestruturas, unha vez se dote o ámbito das infraestruturas de canalización de telecomunicacións necesarias, poderanse atender as demandas da actuación ampliando a capacidade de transmisión do cableado portador.

#### **4.5. Gas natural**

Desde os gasodutos PE-200 mm existentes Travesía de Vigo e Avenida García Barbón pódese resolver o abastecemento á actuación.

A rede de gasodutos existentes recóllese no Plano: Rede de Gas Natural Existente. Accións Infraestruturais Propostas.

### **5. Accións infraestruturais. Conexións exteriores do ámbito**

Defínese *Acción infraestructural* como o conxunto de obras que se estiman necesarias para lograr a correcta conexión das infraestruturas do ámbito coas redes de servizos



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

existentes, actuacións cuxo dimensionamento atende a demanda xerada por máis de unha Área de Ordenación Detallada. Accións, xa que logo, subministradoras do servizo aos desenvolvementos urbanísticos lindeiros e que, en consecuencia, o custo da súa execución debe ser repartido entre varias AOD's.

Neste punto descríbense as accións infraestruturais que son necesarias para lograr a correcta conexión do ámbito formado polas AOD's de BEIRAS, CANADELO, VIA NORTE, COTOMONDONGO, ESTACION INTERMODAL y ESTACION RENFE coas redes de servizos existentes no seu entorno.

### 5.1. ACCIÓNS INFRAESTRUTURAS PROPOSTAS

Para a definición das Accións infraestruturais que resolven as conexións exteriores dos desenvolvementos previstos agregáronse as demandas xeradas por cada AOD AOD [BEIRAS, CANADELO, VIA NORTE, COTOMONDONGO, ESTACION INTERMODAL y ESTACION RENFE] e, en función das mesmas, dimensionado as infraestruturas de primeiro orde necesarias para o correcto abastecemento de cada un dos servizos. Así, de acordo cos cálculos que reflicten os epígrafes seguintes, defínense para cada unha das redes de servizos básicos as seguintes accións:

#### 5.1.1. Abastecemento de Auga

##### 5.1.1.1. Demanda global

Agregando as demandas de cada unha das AOD's que constitúen o ámbito considerado obtense como demanda global de auga potábel, a seguinte:

AGUA POTABLE					
USO	Superficie	Edificabilidad	Dotación	Caudal medio sin riego	
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	[l/m <sup>2</sup> /día]	[m <sup>3</sup> /día]	[l/s]
Residencial	91.900	100.300	9,00	903	10,45
Terciario Comercial		69.700	8,64	602	6,97
Dotacional	20.900	20.900	8,64	181	2,09
Espacios verdes	25.900	0	8,64	0	0,00
Libre privado	1.800	0	8,64	0	0,00
Viario Pavimentado	71.535				
Viario A Jardinado	3.765				
<b>TOTAL SIN RIEGO</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>		<b>1.686</b>	<b>19,51</b>

#### DEMANDA GLOBAL DE AUGA POTÁBEL

Considerando un coeficiente punta de conexión á rede de 2,4 o caudal punta demandado é de 46,82 l/s.

##### 5.1.1.2. Accións infraestruturais propostas

Propónse mallar a rede existente nas inmediacións do ámbito através da nova rede proxectada no interior de cada AOD.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

### 5.1.1.3. Xestións realizadas

Para o cálculo e deseño da rede proposta tivéronse en conta as indicacións da empresa concesionaria da rede de abastecemento de auga (AQUALIA).

### 5.1.2. Saneamento. Pluviais e Residuais

#### 5.1.2.1. Demanda global

Agregando os caudais xerados por cada unha das AOD's que constitúen o ámbito considerado obtense como caudal total de augas pluviais para evacuar do ámbito, o seguinte:

DRENAJE PLUVIALES					
USO	Superficie	Edificabilidad	Coef. Escorr.	Caudal	
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]		[m <sup>3</sup> /s]	[l/s]
Residencial	91.900	100.300	0,90	1,65	1.654
Terciario Comercial		69.700			
Dotacional	20.900	20.900	0,60	0,25	251
Espacios verdes	25.900	0	0,20	0,10	104
Libre privado	1.800	0	0,25	0,01	9
Viaro Pavimentado	71.535	0	0,90	1,29	1.288
Viaro Ajardinado	3.765	0	0,10	0,01	8
Cuencas Exteriores	0				
<b>TOTAL</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>	<b>0,77</b>	<b>3,31</b>	<b>3.314</b>
Aporte sin actuar	<b>215.800</b>		<b>0,30</b>	<b>1,29</b>	<b>1.295</b>

#### DEMANDA GLOBAL DE DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS

Xa que logo, a urbanización do ámbito implica un incremento bruto do caudal de enxurrada de aproximadamente 3,86 m<sup>3</sup>/s sobre a achega actual.

O caudal medio de augas residuais obtense en función da demanda de auga potábel prevista considerando que chega á rede de saneamento o 85% do caudal, é dicir asumindo que o 15 % do caudal se destina a usos consuntivos. Para obtermos o caudal punta de augas residuais considérase que os vertidos se concentran en 10 horas. É dicir asúmese un factor punta de 2,4.

Daquela, tal e como reflicte a seguinte táboa, o caudal medio de augas residuais ascende a 1.433,10 m<sup>3</sup>/día, mentres que o caudal punta é de 39,80 l/s.



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

SANEAMIENTO RESIDUALES					
USO	Superficie	Edificabilidad	Q_medio ABA	Q_medio RES	Q_pta RES
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	[m <sup>3</sup> /día]	[m <sup>3</sup> /día]	[l/s]
Residencial	91.900	100.300	903	767,55	21,32
Terciario Comercial		69.700	602	511,70	14,21
Dotacional	20.900	20.900	181	153,85	4,27
Espacios verdes	25.900	0	0	0,00	0,00
Libre privado	1.800	0	0	0,00	0,00
Viaro Pavimentado	71.535	0	0	0,00	0,00
Viaro Ajardinado	3.765	0	0	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>	<b>1.686,00</b>	<b>1.433,10</b>	<b>39,80</b>

## DEMANDA GLOBAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS

### 5.1.2.2. Accións infraestruturais propostas

Propónse a execución dun emisario de augas pluviais que evacuen a rede de pluviais prevista cara o mar. Mantense así o carácter separativo do sistema de saneamento proposto.

A respecto das augas residuais a solución require un estudo de detalle do sistema de colectores da zona. En principio, os caudais retraídos da rede ao dispoñen dun sistema de saneamento maioritariamente separativo poderían validar a capacidade dos colectores existentes.

### 5.1.2.3. Xestións realizadas

A rede proposta consultouse con AQUALIA.

### 5.1.3. Enerxía Eléctrica

#### 5.1.3.1. Demanda global

Agregando as demandas de cada unha das AOD's que constitúen o ámbito considerado obtense como demanda global de enerxía eléctrica, a seguinte:

ENERXÍA ELÉCTRICA								
USO	Superficie	Edificabilidad	Ratio	Potencia	Pot CT/MT	Coef.	Pot CT/BT	PLMT
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	[W/m <sup>2</sup> ]	[KW]	[KVA]	Simult	[KVA]	[KVA]
Residencial	91.900	100.300	92	9.228	0	0,4	4.101	3.486
Terciario Comercial		69.700	100	6.970	0	0,6	4.647	3.950
Dotacional	20.900	20.900	100	2.090	0	0,6	1.393	1.184
Espacios verdes	25.900	0	1,0	26	0	1,0	29	25
Libre privado	1.800	0	5,0	9	0	1,0	10	9
Viaro Pavimentado	71.535	0	1,0	72	0	1,0	80	68
Viaro Ajardinado	3.765	0	1,0	4	0	1,0	4	3
<b>TOTAL</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>		<b>18.399</b>	<b>0</b>		<b>10.264,00</b>	<b>8.725</b>

## DEMANDA GLOBAL DE ENERXÍA ELÉCTRICA



### 5.1.3.2. Accións infraestruturais propostas

A topoloxía da rede de enerxía eléctrica é función das condicións de subministro de enerxía eléctrica a cada parcela e das características dos materiais que se definan no proxecto específico de distribución de enerxía eléctrica, así como dos convenios que se asinen. No presente documento desenvólvese unha hipótese de cálculo co obxecto de garantir a viabilidade de subministro, de facilitar a extensión de rede aos desenvolvementos lindeiros e de estimar economicamente o custo das obras.

A alimentación eléctrica ao sector propónse desde a subestación transformadora do Troncal cuxa ampliación será necesaria para atender a demanda total xerada pola nova potencia instalada na actuación.

Para racionalizar a ampliación de posicións na ST e o tendido dos circuitos alimentadores, unha vez coñecida a programación das obras de urbanización e considerando a progresiva consolidación da demanda na área, deberase estudar a posibilidade de atender a demanda, polo menos nas fases iniciais, desde as infraestruturas eléctricas máis próximas, ben desde as liñas de media tensión máis próximas, ben mediante o reforzo dos centros de transformación existentes.

### 5.1.3.3. Xestións realizadas

Para o cálculo e deseño da rede proposta mantivéronse contactos cos Servizos Técnicos de Unión Fenosa.

## 5.1.4. Rede de Telecomunicacións

### 5.1.4.1. Demanda global

Agregando as demandas de cada unha das AOD's que constitúen o ámbito considerado obtéñense como demanda global de liñas de telecomunicacións, a reflectida na seguinte táboa:

TELECOMUNICACIONES						
USO	Superficie	Edificabilidade	Dotación	Lín. teóricas	Coef.	Lín. reales
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	[lin/100 m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	[ud]	Simult	[ud]
Residencial	91.900	100.300	1	1.003	0,5	502
Terciario Comercial		69.700	1	697	0,5	349
Dotacional	20.900	20.900	1	209	0,5	105
Espacios verdes	25.900	0	1	0	0,5	0
Libre privado	1.800	0				
Viaro Pavimentado	71.535	0				
Viaro Ajardinado	3.765	0		0	0,5	0
<b>TOTAL</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>		<b>1.909</b>		<b>955</b>

### DEMANDA GLOBAL DE TELECOMUNICACIÓNS

### 5.1.4.2. Accións infraestruturais propostas

Prisma até rota principal e nodo de comunicacións

**5.1.4.3. Xestións realizadas**

Para o cálculo da rede proposta consideráronse as indicacións dos Servizos Técnicos de Telefónica e R-Cable e seguiuase a normativa que regula as infraestructuras para redes de telecomunicacións.

Como garantía de subministro consideráronse as cámaras de conexión e prismas de condutos facilitados por Telefónica e R-Cable.

**5.1.5. Gas natural****5.1.5.1. Demanda global**

Agregando as demandas de cada unha das AOD's que constitúen o ámbito considerado obtense como demanda global de gas natural, a reflectida na seguinte táboa:

USO	GAS					
	Superficie [m <sup>2</sup> ]	Edificabilidade [m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]	Viv eq [1Ud=100m <sup>2</sup> ]	Coef. Simult	Q unitario [Nm <sup>3</sup> /h]	Caudal [Nm <sup>3</sup> /h]
Residencial	91.900	100.300	1.003	0,56	0,80	449
Terciario Comercial		69.700	697	0,75	0,80	418
Dotacional	20.900	20.900	209	0,88	0,80	147
Espacios verdes	25.900	0				
Libre privado	1.800	0				
Viaro Pavimentado	71.535	0				
Viaro Aardinado	3.765	0				
<b>TOTAL</b>	<b>215.800</b>	<b>190.900</b>	<b>1.909</b>	<b>0,56</b>	<b>0,80</b>	<b>855</b>

## DEMANDA GLOBAL DE GAS NATURAL

**5.1.5.2. Accións infraestructurais propostas**

Estímase que cada AOD pode resolver a súa conexión sobre a rede existente de xeito individual. Non se prevé, xa que logo, a necesidade de executar accións infraestructurais para atender o subministro de gas natural do ámbito.

**5.1.5.3. Xestións realizadas**

Para o cálculo e deseño da rede proposta tivéronse en conta as indicacións dos Servizos Técnicos da compañía subministradora Gas Galicia SDG.

Como garantía de subministro consideráronse os puntos de conexión facilitados por Gas Galicia SDG.



## 6 REDES DE INFRAESTRUTURAS PROPOSTAS

Para o cálculo das demandas de servizos da actuación tómanse como parámetros de referencia os que recolle o Cadro de Características correspondente á ordenación pormenorizada do AOD- ESTACION INTERMODAL: Superficies, Edificabilidades e Usos. A partir do dito cadro, considerando as superficies e edificabilidades de cada parcela xunto co uso previsto, e observando que para os efectos do cálculo das demandas de cada un dos servizos as diferenzas son desprezáveis, arredondáronse os valores adoptando para o cálculo de infraestruturas os seguintes:

USO	DEMANDA de SERVICIOS	
	Superficie	Edificabilidade
	[m <sup>2</sup> ]	[m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> ]
RESIDENCIAL	3.200	0
TERCIARIO	0	20.300
DOTACIONAL	3.600	3.600
ESP. VERDES	1.400	0
LIBRE PRIVADO	0	0
VIARIO	18.900	0
<b>TOTAL</b>	<b>27.100</b>	<b>23.900</b>

CADRO DE CARACTERÍSTICAS PARA O CÁLCULO DE DEMANDAS

Onde, coa única finalidade de termos unha aproximación o máis axustada posíbel ás demandas de infraestruturas que xerará a actuación programada, considerouse que o 100% da edificabilidade lucrativa terá uso terciario-comercial.

### 6.1. ABASTECIMIENTO DE AUGA POTÁBEL

#### 6.1.1. Demanda prevista

De acordo coa ordenación de solos residenciais, terciarios e dotacionais, e considerando as recomendacións contidas no PXOM a respecto, adoptáronse as seguintes dotacións para o cálculo de demandas:

USO	DOTACIÓN
Residencial	9,00 l/m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> día
Terciario	8,64 l/m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> día
Dotacional	8,64 l/m <sup>2</sup> <sub>ed</sub> día
Rega zonas axardinadas	4,00 l/m <sup>2</sup> <sub>reg</sub> día

ABASTECIMIENTO DE AUGA POTÁBEL. DOTACIÓN CONSIDERADAS





A estimación da demanda da actuación recóllese no apéndice de Cálculo de Demandas. A demanda, sen considerar a rega, ascende a 206 m<sup>3</sup>/día, sendo o caudal medio 2,4 l/s e o punta por volta dos 5,7 l/s.

As augas para a rega das zonas axardinadas procederán, sempre que exista caudal dispoñíbel, da rede de abastecemento de auga.

Para calcular a demanda de auga de rega estimouse a superficie potencialmente regábel e considerando unha dotación de 4 l/m<sup>2</sup>/día. De acordo co apéndice de cálculo, a demanda total prevista de auga para rega ascende a 9 m<sup>3</sup>/día, considerando un período útil de rego de 8 horas tense un caudal máximo na rede de 0,33 l/s.

Xa que logo, a demanda máxima de auga do polígono, incluíndo a rega, estaría por volta dos 215 m<sup>3</sup>/día.

## 6.1.2. Descrición da rede proposta

Proponse unha rede mallada e sectorizada mediante válvulas de xeito que permita illar treitos e manter o subministro no resto da rede no caso dunha eventual avaría nun punto.

As tubaxes serán preferentemente de fundición dúctil de diámetro variábel en función dos caudais circulantes por cada treito. A rede principal proposta está formada por conducións de 200 mm. de diámetro acometendo sobre a rede primaria que resolve a conexión exterior do polígono. A malla secundaria prevese de 150/100 mm de diámetro sendo 100 mm o diámetro mínimo previsto.

Disporanse hidrantes normalizados de Ø 100 mm a unha interdistancia máxima de 200 m. As tubaxes discorrerán por viario público cumprindo as separacións mínimas co resto de servizos.

A rede de rega principal discorrerá polos viais próximos ás zonas regábeis con demandas significativas. Desde esta tubaxe derivaranse os ramais secundarios, preferibelmente en PEAD, así como os sistemas de control e xestión do sistema de rega.

## 6.1.3. Conexión Exterior

A conexión coa rede distribución de auga existente realízase na tubaxe de diámetro 500 mm localizada na rúa Isaac Peral. Unha segunda conexión de emerxencia realízase desde a tubaxe existente na rúa Urzáiz.

Alén diso, co obxecto de integrar a rede na malla existente prevese a porlongación e conexión da rede proxectada coas conducións existentes ou proxectadas no bordo da actuación.

A rede principal propónse en tubaxe de fundición dúctil de 300/200 mm de diámetro co obxecto de facilitar extensións da rede a actuacións lindeiras.



A rede de abastecemento de auga potábel proposta recóllese no Plano: Abastecemento de Auga.

#### 6.1.4. Condicións para o Proxecto de Urbanización

O Proxecto de Urbanización definirá a conexión exterior e rede de distribución de auga potábel de acordo coas disposicións municipais e deberá cumprir as Normas de Abastecemento de Auga que determinen a compañía subministradora e os técnicos municipais.

O proxecto da rede de distribución de Auga Potábel deberá remitirse á compañía subministradora para a súa aprobación.

Será o proxecto de urbanización, de acordo cos Servizos Técnicos Municipais, o que avalíe en función da localización e contía das demandas a extensión da rede de rega.

O proxecto de rega contemplará sistemas e métodos de rega que permitan economizar o consumo de auga.

## 6.2. SANEAMENTO

### 6.2.1. Demandas e criterio de cálculo

O caudal de augas pluviais estímase a partir da fórmula:

$$Q = c \times I \times A$$

Na que:

c = Coeficiente de enxurrada.

I = Intensidade de choiva.

A = Área vertente.

A intensidade de precipitación considerada, de acordo co vixente PXOM de Vigo, é de 200 l/s por hectárea. Os coeficientes de enxurrada estimáronse en función dos tratamentos previstos para cada parcela e da extensión e características da rede de drenaxe e, xa que logo, das súas posibilidades de captar e canalizar as augas de enxurrada.

As achegas de auga de enxurrada á rede de drenaxe prevista desde bacías exteriores ao ámbito son desprezábais por contar os ditos sectores con rede de saneamento propia.

A achega actual da superficie total do ámbito estímase considerando a precipitación que define o PXOM (200 l/s·Ha) e un coeficiente de enxurrada medio de 0,3, en:

$$Q = 2,7 \times 200 \times 0,30 = 0,16 \text{ m}^3/\text{s}.$$



De acordo cos parámetros reflectidos no apéndice de cálculo e considerando un horizonte que contempla a culminación do desenvolvemento urbanístico planificado tense que a urbanización do ámbito xera un caudal de  $0,43 \text{ m}^3/\text{s}$ . É dicir, a urbanización do ámbito implica un incremento bruto do caudal de enxurrada de aproximadamente  $0,27 \text{ m}^3/\text{s}$  sobre a achega actual.

O caudal medio de augas residuais obtense en función da demanda de auga potábel prevista considerando que chega á rede de saneamento o 85% do caudal, é dicir asumindo que o 15 % do caudal se destina a usos consuntivos. Para obter o caudal punta de augas residuais considérase que os vertidos se concentran en 10 horas. É dicir asúmese un factor punta de 2,4.

Daquela, tal e como reflicte o apéndice de cálculo, o caudal medio de augas residuais ascende a  $175,1 \text{ m}^3/\text{día}$ , mentres que o caudal punta é de  $4,9 \text{ l/s}$ .

## 6.2.2. Descrición da rede proposta

O sistema de saneamento proposto dentro do ámbito da actuación é separativo de carácter arborescente.

O trazado da rede de saneamento queda recollido no plano de: Redes de Saneamento. Ambas as redes, pluviais e residuais, prevense con trazados sensibelmente paralelos.

Para o deseño da rede proposta consideráronse os seguintes condicionantes:

- A altimetría actual dos terreos, os seus puntos baixos e liñas de enxurrada natural.
- As bacías vertentes actuais
- A rede de drenaxe existente e o sistema de colectores do entorno
- A altimetría modificada prevista para a urbanización
- Os aliñamentos de viais e espazos públicos previstos
- A disposición e fronteiras de parcelas

A captación das augas de enxurrada superficial prevese mediante absorbedoiros que verten aos ramais de pluviais através de tubaxes de diámetro mínimo  $\varnothing 300 \text{ mm}$ . Os absorbedoiros e embornais disporanse en todos os puntos baixos, evitarán que a auga invada os cruzamentos de calzada e a súa separación nunca será superior a 50 m.

Na rede de colectores disporanse pozos de rexistro visitábeis en cambios de dirección, de pendente ou diámetro e nos puntos de acometida entre ramais. A distancia máxima entre pozos en seccións non visitábeis será de 50 m. e o diámetro mínimo 400 mm co fin de facilitar a limpeza e mantemento da rede.



O proxecto de urbanización, resolverá a drenaxe dos espazos libres de xeito que se evite a influencia das augas de precipitación sobre a rede viaria e sobre as parcelas lindeiras procurando, na medida do posíbel, a súa infiltración no terreo.

Para o cálculo da rede consideraranse as velocidades mínimas co caudal medio e a capacidade dos colectores e velocidades máximas co caudal punta.

### 6.2.3. Conexión Exterior

As conexións exteriores da rede de drenaxe de augas pluviais e da rede de evacuación de augas residuais proxéctanse con trazados paralelos e sobre os colectores prvistas na AOD-CANADELO, bordo leste da actuación.

No que atinxe á depuración de augas residuais non son de prever problemas pola pequena contía dos caudais achegados.

### 6.2.4. Condicións para o Proxecto de Urbanización

O Proxecto de Urbanización cumprirá as disposicións municipais a respecto do saneamento.

O Proxecto de Urbanización xustificará o cálculo da rede proxectada así como a capacidade da rede de colectores e leitos existentes para recoller os caudais achegados, xa foren de augas residuais ou de pluviais.

## 6.3. ILUMINACIÓN PÚBLICA

### 6.3.1. Demandas e criterio de cálculo

Os criterios de iluminación aplicados serán os niveis reflectidos na normativa vixente no que respecta a valores mínimos en servizo e uniformidade media para cada un dos tipos de viario e espazos públicos definidos. A disposición dos puntos de luz efectuarase de xeito que o nivel técnico da iluminación e a uniformidade da mesma satisfaza os obxectivos visuais desexados en función da zona para iluminar.

Os niveis de iluminancia e uniformidade mínima serán fixados polos servizos técnicos municipais, recomendándose os seguintes valores:

Zona que iluminar	Iluminancia	Uniformidade
Rúas Principais	20 a 30 lux	0,5
Rúas Secundarias	15 a 20 lux	0,4
Rúas de menor entidade e xardíns	10 a 15 lux	0,3
Rotondas	30 a 40 lux	0,5

VALORES LUMINOTÉCNICOS RECOMENDADOS



A disposición das luminarias será axial, unilateral, aos pares ou contraviadas en función do reparto das seccións viarias que deseñe o Proxecto de Urbanización.

